

## **RESUMO DA ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CELEBRADA O DÍA 04 DE DECEMBRO DE 2014**

Na Casa do Concello de Silleda, sendo as **TRECER HORAS** do día **CATRO DE DECEMBRO DE DOUS MIL CATORCE**, baixo a Presidencia do 1º Tte de Alcalde **Dº. KLAUS BREY MONTAÑA**, reúnese a Xunta de Goberno Local, coa asistencia dos concelleiros **Dª DOLORES GARCÍA TROITIÑO**, **Dª MARIA DEL PILAR PEÓN IGLESIAS** e **Dº LUIS RODRÍGUEZ VÁZQUEZ** e do Secretario da Corporación **MANUEL QUINTÁNS QUEIRUGA**, que suscribe e da fe.

Non asiste: **Dº MANUEL CUIÑA FERNÁNDEZ.**

### **1º.- APROBACIÓN DE ACTAS ANTERIORES:** **- Acta da sesión do 12 de novembro de 2014**

Preséntanse para aprobación esta acta:

- Acta da Xunta de Goberno Local da sesión do 12 de novembro de 2014.

Non se producen intervención quedando aprobada a acta.

### **2º.- URBANISMO.**

**2.1.- Utilización do terreo do Campo de Fútbol de Cortegada para a realización de prácticas de extinción de incendios para a obtención da autorización ADR.**

Dase conta do escrito presentado por Dº Jesús P. C., en nome e representación da entidade ESCOLAEMPREGO, S.L., Rexistro de Entrada nº 5146, de data 18 de novembro de 2014, no que solicita ó Concello permiso para utilizar o terreo do Campo de Fútbol de Cortegada para a realización de prácticas de extinción de incendios para a obtención da autorización ADR, impartidas polo centro de formación Escola de Emprego e Negocios, para o adxunta xunto coa solicitude a seguinte documentación:

- Proxecto cursos.
- Copia de Seguro de Responsabilidade Civil

- Plan de seguridade do terreo de prácticas.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade acorda:

1º.- Acceder ó solicitado sen prexuízo doutras autorizacións/permisos/licenzas nas que o seu otorgamento corresponda a outros organismos/administracións e das competencias a eles atribuídas, si ben, unha vez rematados os cursos deberán deixar as instalacións no mesmo estado no que se atopaba antes da súa ocupación.

2º.- ESCOLAEMPREGO, S.L. farase cargo de calquera dano ocasionado nas instalacións.

## **2.2.- Informe técnico sobre a visita cursada para a comprobación da edificación para outorgamento da licenza de primeira ocupación do edificio sito na rúa Carballeira do Chousiño - esquina N-525.**

Dase conta dos informes técnicos emitidos

A Xunta de Goberno Local acorda quedar enterada do informe anteriormente transcrito e dar traslado do mesmo a Anida. Grupo BBVA, (A/A Dº Jaime V.L.) con domicilio na r/ Catón Pequeño, nº 18-21, 15.003 A Coruña.

## **2.3.- Licencia de Actividade: Vilgar S.C.**

Visto o expediente instruído a instancia de Dª María Asunción G. H. actuando en representación de VILGAR, S.C., solicitando Licencia para legalización e ampliación de explotación avícola, nas parcelas 10079, 20079 e 30079 do polígono 502, no lugar de Outeiro, parroquia de Escuadro (Silleda),

Vista a tramitación anterior e os informes correspondentes

**A Xunta de Goberno Local segundo o contido da Acta de comprobación de data 27 de novembro de 2014 e a resolución da Alcaldía do 16 de agosto de 2013 acorda:**

**A concesión de licenza de actividade definitiva a VILGAR S.C., para Legalización e ampliación de explotación avícola nas parcelas 10079, 20079**

e 30079 do polígono 502 de Silleda, lugar de Outeiro, parroquia de Escuadro (Silleda).

**3º.- MELLORA DE CAMIÑOS PARA ADECUACIÓN DE USO PÚBLICO DAS CONTORNAS DE CARBOEIRO E FERVENZA DO TOXA 2014-2015.**

Dase conta da proposta emitida polo Concelleiro de Medioambiente, Dº Luis Rodríguez Vázquez, de data 03 de novembro de 2014, que transcríbese a continuación:

*“Vista a Orde de 28 de xullo de 2014 da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas a actividades, actuacións ou medidas de concellos incluídos na Rede Natura 2000 e a súa convocatoria para os anos 2014 e 2015, cofinanciada co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader).*

*Visto que en 8 de setembro de 2014 o Concello solicitou unha subvención ao abeiro daquela Orde, para a realización da actuación denominada " Mellora de camiños para adecuación de uso público das contornas de Carboeiro e Fervenza do Toxa 2014-2015", cun orzamento total de 23.900,38 €.*

*Visto que ao abeiro da referida Orde concedéuselle a este Concello unha subvención por importe de 19.748,41, para a referida actuación.*

*Visto que como requisito previo, é necesario contar con tres ofertas para a execución da actuación*

*Vistas as ofertas presentadas:*

A) oferta a..... *Empresa: OSCAR MOSTEIRO CEREIJO  
NIF: 44.819.077 N  
Presuposto de Obra: 23.900,38 €*

B) oferta b..... *Empresa: CUIÑA CB.  
NIF: E 36 205 896  
Presuposto para os entorno s do Toxa e Carboeiro: 23.900,28 €  
Plan de Mellora: 4 unidades de sinal direccional que inclúe: maquetación , montaxe, transporte, excavación en ancoraxe*

e) oferta c..... *Empresa: JOSÉ MANUEL CASTRO  
NIF: 33277293 1  
Presuposto: 23.895,58 €*

*Proponse á XGL que se adopte o seguinte acordo*

*Aceptar a presente oferta b, presentada pola empresa CUIÑA C.B., par resultar mais beneficiosa para os intereses do concello en atención aos criterios de eficiencia e economía, dado que na mesma figuran unha serie de melloras nas actuacións que supoñen un incremento na calidade do proxecto.”*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidad acepta a proposta presentada e polo tanto:

Adxudicar a empresa CUIÑA C.B., a actuación denominada "Mellora de camiños para adecuación de uso público das contornas de Carboeiro e Fervenza do Toxa 2014-2015", polo importe de 23.900,28 € por resultar mais beneficiosa para os intereses do concello en atención aos criterios de eficiencia e economía, dado que na mesma figuran unha serie de melloras nas actuacións que supoñen un incremento na calidade do proxecto.

#### **4º.- DEVOLUCIÓN DE AVAL..**

Vista a solicitude presentada por Fernando Pena Caramés en representación de ENDENOR MANTENIMIENTO Y SERVICIOS, S.L., Rexistro de Entrada nº 5367, de data 02 de decembro de 2014, no que expón que con data 01 de setembro de 2014 presentou aval en metálico por importe de 1.563,95 €, como garantía definitiva do contrato adxudicado por esta mesma Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o 19 de agosto de 2014, denominado "Equipamento para Biosaludables e Parladoiros de Silleda - Anualidade 2014". Que, con data 02 de decembro de 2014 presentou para os mesmos traballos un aval bancario, polo mesmo importe e como garantía definitiva. (Aval da entidade Abanca; referencia da operación: T114G29025950803), polo que solicita a devolución do primeiro aval en metálico.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda acceder ó solicitado e proceder a devolución do aval en metálico anteriormente mencionado.

#### **5º.- DOAZÓN Ó CONCELLO DE SILLEDA DE ELEMENTOS E INSTALACIÓNS POR PARTE DA FUNDACIÓN “SANTUARIO NUESTRA SEÑORA DE LA SALETA”.**

Dase conta do escrito presentado por D<sup>o</sup> Roberto José Rivas Martínez, en calidade de Presidente da Fundación “Nuestra Señora de la Saleta”, Rexistro de Entrada nº 5409, de data 04 de decembro de 2014, que transcríbese a continuación:

*“D. ROBERTO JOSÉ RIVAS MARTINEZ maior de idade provisto de DNI nº 02862034 V, na súa calidade de PRESIDENTE DA FUNDACIÓN SANTUARIO NUESTRA SEÑORA DE LA SALETA, inscrita, no Rexistro do Protectorado de Fundacións de Interés Galego, co número 2002/3, con Cl.F nº G36400190, e domicilio a efectos de notificacións na Parroquial de San Miguel de Siador, ante ese Concello de Silleda, comparece e*

**EXPÓN:**

*1.- Que entre os días 7 de Xuño e 13 de xullo de 2014 celebrouse unha Magna Exposición denominada SILLEDA NO S. XIX, co obxecto de dinamizar social, turística e culturalmente ao concello a partir da celebración do 150 aniversario da veneración da Virxe da Saleta en Siador.*

*2.- Que a organización contou coa colaboración imprescindible do propio Concello que prestou todo tipo de recursos tanto, físicos, (Casa da Cultura) publicitarios etc, como humanos, entre os que se encontraba o propio Comisario, Alfredo Abeledo.*

*3.- Así mesmo a organización contou tamén coa participación da “Fundación Santuario Nuestra Señora de la Saleta” na financiación dunha parte fundamental do desenvolvemento deste acontecemento.*

*4.- Que en atención ao apoio e protección desinteresada amosados, e pola firme contribución ao éxito alcanzado sin precedentes deste evento cultural, é súa a vontade, ratificada polo Padroado da Fundación de mostrar este agradecemento atendendo aos seguintes,*

**ACORDOS:**

*PRIMEIRO: Facer entrega en concepto de doazón ao Concello, dos elementos e instalacións que formaron parte do soporte físico da exposición, que anque adquiridos pola Fundación forman parte inherente e inseparable da Casa a Cultura.*

*A este efecto son:*

*a) A instalación completa da iluminación das salas coñecidas durante a exposición como: Sala XIX, actual B, Sala Saleta, actual Sala Centro e Sala de Arte Sacra, actual sala Pintor Colmeiro, valorada segundo facturas cargadas por Instalaciones Luis Cornado, en 6.197,00 €*

*b) Seis cámaras de vídeovixiancia e toda a instalación do cableado correspondente ao Sistema de Seguridade, colocadas nas mesmas salas do apartado anterior, valoradas segundo informe da mesma empresa instaladora en 1.967,46 €.*

*SEGUNDO: Facer a Cesión en Uso, nas condicións que se establezan en convenio co Concello de Silleda das seguintes peanas:*

- X Sete unidades de 110 cm x 40 cm x 40 cm*
- X Cinco unidades de 80 cm x 40 cm x 40 cm*
- X Dúas unidades, de 100 cm x 100 cm x 20 cm.*

*A elaboración destes elementos por la Carpintería Cuiña está valorada en 699,62 €*

*A cesión poderá facerse en todo caso de acordo as seguintes*

*estipulacións:*

*1ª.- As peanas serán destinadas ao fin para o que foron creadas, e dicir para colocación sobre delas, de tallas, esculturas e outros obxectos de arte, nas exposicións que se poidan organizar na Casada Cultura de Silleda.*

*2ª.- A súa cesión terá unha duración indeterminada, ata o momento en que os titulares do terreo manifesten a súa intención de destinalas a outros usos.*

*3ª.- O Concello de Silleda asume as seguintes obrigas:*

- a) Soamente poderán destinar estes elementos ao uso recollido na primeira estipulación.*
- b) Será o único responsable a tódolos efectos legais do mantemento e emprego en boas condicións sen que o propietario teña responsabilidade algunha, nin contractual nin extracontractual.*
- c) Queda obrigado a poñer as peanas a disposición da Fundación no prazo de quince días dende que sexa solicitado por escrito por parte do titular salvo que a urxencia requira prazos menores.*

*Dando por presentado este escrito, solicito a Vostede someta á consideración desa Corporación a aceptación de canto se expón e oferta, e se proceda a sinatura da Acta de entrega correspondente.*

*Silleda (Pontevedra), a día 30 de novembro de 2014  
Asdo.: Roberto Rivas Martínez  
Pte da Fundación Nosa Señora da Saleta.”*

*A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda a aceptación de canto se expón no escrito anteriormente transcrito, e que se proceda a sinatura da acta de entrega correspondente.*

**6º.- RECOÑECIMENTO DE ANTIGÜEDAD.**

A Xunta de Goberno Local acorda recoñecer a antigüidade solicitada pola traballadora do Concello Dª Luz V.C.

Vº e Prace  
O 1º TTE DE ALCALDE,

O SECRETARIO

Asdo. Klaus Brey Montaña

Asdo. Manuel Quintáns Queiruga